

Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Subvencións e axudas***SUBVENCIONES PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL CURRICULAR DO
CONCELLO DE REDONDELA*

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL CURRICULAR DESTINADAS A ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL DE REDONDELA DA SEGUNDA ETAPA (DE 3 A 5 ANOS) NO CURSO ESCOLAR 2024/2025

Primeira. Obxecto

É obxecto desta convocatoria establecer un réxime compensatorio de carácter social destinado a colectivos con carencias económicas, co fin de paliar os gastos que supoñen a escolarización dos membros da familia.

Subvenciónanse a través deste procedemento a adquisición de libros e material escolar de Educación Infantil (segunda etapa) para alumnos matriculados en centros docentes públicos con domicilio en Redondela, para o curso 2024/2025.

Estas axudas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade establecendo un procedemento que tenta ser áxil, eficaz e breve no tempo.

Segunda. Dotación orzamentaria

O crédito destinado ao financiamento destas axudas ascende a 8.500,00€ dos que se detraerán 184,00€ para efectos de reclamacións, con cargo á partida 3231A/4890003 "Subvencións adquisicións libros" do orzamento de 2022 prorrogado para 2024.

En ningún caso, a suma das subvencións concedidas poderá superar esta contía.

Terceira. Compatibilidade

As axudas concedidas en virtude da presente orde serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos libros e materiais subvencionados, excepto outras subvencións concedidas polo Concello de Redondela.

Para estes efectos considérase como materiais curriculares, didácticos e complementarios todo o necesario para realizar as actividades que se desenvolven ou promoven no centro docente.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Cuarta. Criterios obxectivos necesarios para ser beneficiario/a de estas axudas

a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado na segunda etapa de educación infantil nun dos centros públicos de Redondela durante o curso escolar 2024/2025.

Nos casos nos que no momento de solicitar a axuda a matrícula tivese carácter provisional será igualmente persoa beneficiaria da mesma a condición de que cumpra cos requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e formalice a matrícula definitiva nun centro de educación pública de Redondela.

b) A persoa solicitante e o/a alumno/a para o/a que se solicita a axuda deben de estar empadroados no municipio de Redondela.

c) Non estar incurso nas circunstancias e/ou prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 8.800,00€. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no artigo 5.

e) Atoparse ao corrente, tanto a persoa solicitante como os demais membros da unidade familiar, por todos os conceptos, nas obrigacións non tributarias e tributarias coa facenda local e os seus organismos autónomos.

f) Atoparse ao corrente, tanto a persoa solicitante como os demais membros da unidade familiar, no cumprimento das demais obrigacións tributarias fronte á Facenda autonómica e estatal e fronte á Seguridade Social.

O cumprimento dos requisitos recolleitos nos apartados a), b) e e) serán comprobados de oficio polo Concello de Redondela.

Quinta. Renda per cápita familiar

Enténdese por renda per cápita familiar a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables.

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar ao 31 de decembro de 2023 e a renda per cápita do exercicio fiscal 2023.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda do 2023, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 435 (base imponible xeneral) e o 460 (base imponible do aforro) da declaración.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar, nos termos establecidos na base seguinte, cando forme parte dela un único proxenitor/a ou titor/a, que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación conxugal ou análoga e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Esta condición deberá acreditarse ben mediante a presentación do Certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia ou ben, na súa falta, coa presentación de documentación que acredite o cumprimento dos anteriores requisitos económicos e de convivencia.

No caso de divorcio ou separación legal dos proxenitores así como no suposto de parellas de feito que deciden poñer fin á súa relación, a custodia do/a menor acreditarase mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste o réxime da mesma.

Neste sentido, non se considerará membro computable aquel que non conviva co causante, salvo que a sentenza xudicial, acordo ou convenio regulador declare a custodia compartida, nese caso incluíranse no cómputo da renda familiar as rendas de ambos os proxenitores. Por outra banda, no caso de que non exista custodia compartida, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Para determinar o número de membros da unidade computables aplicaranse, no seu caso, as seguintes especialidades:

- Computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental, de acordo co establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral de violencia de xénero.

Sexta. Determinación da unidade familiar

Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar ao 31 de decembro de 2023, considérase que conforman a unidade familiar as seguintes persoas que convivan no mesmo domicilio:

- Os proxenitores casados ou en análoga relación de afectividade e non separados legalmente ou, se fose o caso, o titor ou titora ou a persoa encargada da garda e custodia do menor.
- Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade recoñecida física, psíquica ou sensorial igual ou superior ao 33% ou incapacitados xudicialmente que se atopen suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

- Os fillos ou fillas solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

Para determinar a unidade familiar se comprobará o libro de familia e/ou certificado de nacemento do/s fillo/s ou filla/s.

No caso de falecemento dalgún dos proxenitores que convivan co causante, acreditarase a circunstancia mediante un certificado de defunción.

Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor. Nos casos nos que do convenio regulador, sentenza de divorcio ou separación legal, se recolla que os gastos escolares son compartidos, se concederá o 100% da axuda cando se presenten os datos da renda dos dous proxenitores ou autorización máis copia do dni para consultar os datos de oficio polo concello.

En casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada da forma establecida no parágrafo primeiro deste artigo, deberase achegar xustificante de empadramento en que figure o/a alumno/a por o que se solicita a axuda e todos os familiares que convivan con el, ou certificado dos servizos sociais do Concello de Redondela.

Nos supostos en que o causante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos puntos anteriores.

Os menores que se atopen en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia, terán dereito a percibir a contía máxima resultante da axuda, para o que deberán presentar os Anexos I, II, unha fotocopia do DNI do solicitante e a certificación por parte da Administración correspondente da tutela pública do/da menor para o que se solicita a axuda. Neste caso, a beneficiaria será a administración ou a asociación onde estean recollidos a/as o/os menor/es. Para iso, deberá acompañarse unha declaración responsable onde consten os datos fiscais da devandita administración ou asociación.

Sétima. Publicidade e forma e prazo de presentación de solicitudes

A publicación das presentes bases e convocatoria, así como a resolución das axudas realizarase na páxina web do Concello www.redondela.gal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e constarán dos seguintes documentos:

1. Anexo I: solicitude, á que se achegará a documentación que acredite a situación económica e familiar segundo indícase nesta base sétima.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

2. Anexo II: declaración responsable.

3. Anexo III: autorización ao Concello de Redondela para obter os seus datos de situación financeira á Axencia Tributaria estatal, no seu caso.

As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

O prazo de presentación de instancias será a partir do día seguinte ao da publicación oficial do extracto desta convocatoria no BOPPO, ata o día 31 de xullo de 2024, inclusive, e virán acompañadas da seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e de todas as persoas maiores de idade que conforman a unidade familiar.

2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas datas de nacemento.

3. No caso de non acreditarse a condición de familia monoparental ou obterse a custodia exclusiva do/a menor, deberá presentarse a documentación acreditativa dos ingresos do/a outro/a proxenitor/a, nos mesmos termos que se establecen este artigo.

No caso de que non se presente esta documentación, o solicitante só percibirá o importe da axuda equivalente á porcentaxe da custodia que lle atribúa a sentenza de divorcio, separación legal ou convenio regulador e, na súa falta presumirase compartida ao 50%.

4. Fotocopia da declaración da renda do último exercicio económico de todos os membros que compoñen a unidade familiar. No caso de que non exista obrigação de presentala ou declaración doutras rendas e pensións de todos os membros que compoñen a unidade familiar, segundo establécese nos seguintes apartados.

A obtención da declaración da renda ou da certificación negativa expedida pola Administración tributaria poderá ser realizada polo Concello sempre que a persoa solicitante autorice dita comprobación a través do anexo III. Para realizar esta comprobación, no seu caso, respecto dos demais membros da unidade familiar, deberán realizar autorización expresa.

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración da renda, os ingresos xustificaranse coa seguinte documentación:

a) Traballadores en activo non obrigados a presentar declaración da renda:

- Traballadores por conta allea: certificación negativa expedida pola Administración Tributaria referido ao exercicio económico do ano 2023.

- Traballadores autónomos: certificación negativa expedida pola Administración Tributaria, referido ao exercicio económico do ano 2023.

b) Para pensionistas: xustificante de pensión/s mensual/ais ou, no seu caso, certificado negativo emitido polo INSS correspondente ao ano 2023.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

c) Para demandantes de emprego con ou sen prestacións:

- Certificado das prestacións do INEM correspondente ao ano 2023.
- Vida laboral da Tesourería da Seguridade Social.
- Fotocopia da tarxeta de demanda de emprego.

d) Para perceptores de RISGA: achegarán unicamente o xustificante da contía mensual que percibe.

Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar a 31 de decembro de 2023 non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificados do Rexistro Civil de defunción e/ou nacemento.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello de Redondela que acredite a situación familiar.

No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberase presentar un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia ao 31 de decembro de 2023:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para servizo ou inutilidade.

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

O Concello de Redondela poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

No caso de que algún dos documentos requiridos non poida presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Calquera alteración posterior que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada pola persoa solicitante ao Concello de Redondela.

Oitava. Emenda de solicitudes

De acordo co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá á persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos.

De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Novena. Contía das axudas

O Concello de Redondela abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases e convocatoria, en importe que resulte de dividir o crédito establecido no artigo 2 polo número de alumnos/as incluídos/as nas solicitudes aceptadas, a condición de que non superen os límites de renda per cápita familiar, establecida para familias en 8.800€.

O importe da subvención corresponderase co importe total de adquisición dos libros e o material escolar solicitado para cada curso polo centro escolar e ata unha cantidade máxima de 70€ por vale.

Décima. Protección de datos persoais

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela (BOP Pontevedra n.º 99 do 23 de maio de 2008) e das presentes bases.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: dpd@redondela.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil de dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Décimo primeira. Procedemento

Recibidas as solicitudes o departamento de Ensino deste Concello procederá á súa tramitación.

Inmediatamente despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes emitirase un certificado no que se indicarán as solicitudes recibidas.

Unha vez que a solicitude se introduza no rexistro de datos e comprobado que se reúnen os requisitos e, así mesmo, visto que a persoa interesada cursa os estudos nun centro público de Redondela, procederase a xerar un vale, o cal despois daráselle validez co selo do Concello e asinado pola alcaldesa deste Concello, que será entregado á persoa solicitante.

O Departamento de Ensino deberá levar un sistema de control dos vales entregados, de forma que, en todo momento se poida efectuar calquera comprobación respecto diso. O sistema gardará constancia da xeración do vale, indicando a data de xeración e marcando a solicitude como concedida.

No caso de que o persoal do Concello despois de entregar un vale observe algún erro, deberá poñerse en contacto coa persoa solicitante para requirirlle a súa devolución. Unha vez recuperado, procederá a dar de baixa a solicitude, o que supón a anulación ou rectificación do vale.

As solicitudes, así como a totalidade da documentación presentada, deberán quedar debidamente arquivadas no Concello, ao dispor das comprobacións que poidan realizarse segundo indícase no artigo 16 destas bases e convocatoria.

Actuará como instrutor/a do procedemento a/o funcionaria/o designada/o pola Alcaldía quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que formulará proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir aos solicitantes a emenda das deficiencias.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Examinadas as solicitudes pola persoa instrutora segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nesta convocatoria elevará as mesmas a unha Comisión de Valoración integrada polo concelleiro de ensino, Iván Valles Rodríguez, que actuará como presidente, dúas concelleiras, María Rita Pérez Táboas e Iria Vilaboa Álvarez, actuando como suplentes Pedro Villaverde Campos e María del Pilar Martínez González, respectivamente, ademais de dúas funcionarias do Concello, que serán a persoa instrutora, que terá as funcións de secretaria/o, e Elisa Vieites Piquenque. Actuarán como suplentes das anteriores Goretti González Enes e Manuela Docampo Pintos. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designarase por Resolución de Alcaldía.

O/a secretario/a recollerá en acta a proposta da Comisión de Valoración para a concesión da subvención e, de acordo con ela, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que a Comisión de Valoración e a persoa instrutora usasen datos diferentes dos achegados polos interesados, abrírase un prazo de dez días a todos os interesados para que poidan realizar alegacións, se así o estiman oportuno.

Tras examinar as alegacións presentadas polos interesados, no seu caso, o órgano instrutor formulará proposta de resolución final. De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario conforme esta base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo conter os seguintes datos: solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Xunto coa proposta, a persoa instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma de acordo co Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das facendas locais.

A concesión das subvencións realizarase mediante resolución da Alcaldía de acordo coas presentes bases e convocatoria e será publicada no taboleiro de edictos e notificada ás persoas beneficiarias.

O prazo para resolver o procedemento de concesión das subvencións será de tres meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes para tomar parte na convocatoria.

Transcorridos tres meses, a partir do día seguinte da finalización do prazo de presentación das solicitudes, sen que os interesados obteñan resposta expresa, entenderase desestimada a petición.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Contra este acordo, que finaliza a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, contencioso-administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, enténdéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

Décimo segunda. Adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico complementario

O Concello de Redondela fará público, con antelación suficiente, a listaxe de librerías que se acolleron a esta convocatoria e, no seu caso, especificarase que colexio/s cuxo material e libros estarán en disposición de fornecer.

Para estes efectos, a persoa que resulte beneficiaria desta subvención recollerá o cheque, que lle será entregado na oficina do Concello do que se informará con antelación suficiente, e poderá acudir á librería da súa preferencia de entre as incluídas na listaxe que se menciona no apartado anterior, para aplicar o seu vale á adquisición dos libros e material escolar cun valor nominal máximo de 70€.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

Se o importe dos libros e material escolar adquirido é inferior ao valor nominal do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fose superior ao valor do vale, a diferenza será abonada polo solicitante. O Concello non asumirá un importe superior ao consignado no vale.

O solicitante deberá asinar o vale no momento da recepción do material, dando a súa conformidade aos libros e material escolar entregados, así como, se fose o caso, ao importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirirlle á persoa que lle anticipe o importe do vale.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Unha vez entregados os libros e material escolar, o establecemento quedará en posesión do correspondente vale.

A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións da orde.

Décimo terceira. Prazos para a tramitación dos vales e para a presentación de facturas

Os vales deberán ser entregados nas librerías canto antes.

As facturas correspondentes aos vales entregados nas librerías deberán ser presentadas canto antes e, en todo caso, antes do 30 de novembro de 2024.

Décimo cuarta. Librerías participantes

As librerías interesadas en participar na convocatoria deberán presentar por Rexistro Xeral do Concello de Redondela o Anexo IV destas bases, debidamente cuberto e selado e asinado polo titular do establecemento.

A esta solicitude deberá unir a fotocopia do NIF/CIF/NIE do titular do establecemento e unha certificación bancaria orixinal, salvo que participasen nesta convocatoria en anos anteriores e obren en poder desta administración, podendo solicitar que se incorpore de oficio.

Unha vez recibidos os vales polas persoas beneficiarias desta subvención e entregados os libros de texto e o material curricular, remitirán ao Concello do Redondela a factura, que deberá estar emitida ao CIF do Concello (P3604500 C) xunto co correspondente vale.

Por cada vale emitírase unha soa factura. En cada factura deberán figurar, polo menos, os seguintes datos:

- CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Nome do titular do establecemento (empresa/apelidos e nome).
- Datos do establecemento (denominación comercial, dirección completa, localidade e provincia).
- Data da factura.
- Número da factura.
- Número/código do vale.
- Importe total do vale facturado.
- Tipo ou tipos impositivos aplicables ás operacións (base impositiva e IVE do total da factura desagregada).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Os vales orixinais deberán presentarse por rexistro xeral xunto a cada factura. Deberán ter os selos do Concello de Redondela e firmas da Alcaldesa, do responsable da librería e da persoa solicitante. Non se aceptan vales fotocopiados nin os que carezan dalgunha das firmas indicadas.

O persoal do Concello tramitará as facturas e as ordes de pago. Se na factura se observase algún defecto de forma ou se o importe desta non coincide co do vale que a acompaña non se poderá proceder á tramitación do pago, e requirirase ao establecemento para que proceda á súa emenda.

Décimo quinta. Obrigacións dos beneficiarios

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigacións:

1. Seguir as directrices que marca a convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición dos libros e demais material curricular, didáctico e complementario, propios do curso académico para o cal se solicitou a axuda, segundo a relación que para tal efecto teña publicado o centro onde estea matriculado o alumnado.

2. Cooperar coa Administración educativa en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

5. Acreditar que se atopa ao corrente, tanto a persoa solicitante como os demais membros da unidade familiar, no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

6. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía, poderá acordar a compensación.

Así mesmo, non será posible efectuar ningún pago por concesións de subvencións cando transcorra o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprise este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Décimo sexta. Control, aplicación e revisión das axudas

O Concello de Redondela poderá requirirlle á persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispoñer que leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos consignados polos peticionarios.

O Concello de Redondela poderá realizar, mediante os procedementos legais pertinentes, as comprobacións oportunas respecto ao destino e aplicación das subvencións, para o que, tanto as persoas beneficiarias, as librerías como os centros docentes quedan obrigados a facilitarlles canta información lles sexa requirida.

De conformidade co disposto no número 9 do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das bolsas para a adquisición de material escolar que se conceden con base na concorrencia dunha determinada situación no perceptor ou perceptora non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos intereses de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado na adquisición dos libros de texto e materiais obxecto desta orde. Para estes efectos, os centros docentes informarán ao Concello de Redondela no caso de que detecten que algún alumno ou alumna causante da axuda do cal consta a recepción do vale expedido, non dispoña dos libros de texto e materiais correspondentes.

Décimo sétima. Lexislación aplicable

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela.

Demais normativa aplicable.

Décimo oitava. Recursos contra estas bases e convocatoria

Contra esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición diante do órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte da publicación. Contra a resolución individual poderán interpoñerse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello.

Decimonovena. Cancelación

Poderán ser canceladas as axudas a aqueles/as beneficiarios/as que incumpran ou falseen algún dos requisitos esenciais que figuran nestas bases e convocatoria, mediante resolución do órgano competente.

Vixésima. Devolución e reintegro

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas para a súa concesión.
- b) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- c) Demais supostos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Vixésimo primeira. Interpretación

Calquera dúbida que puidese xurdir ao redor da interpretación destas bases e convocatoria será resolta pola Alcaldesa do Concello de Redondela.



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO CURSO 2024/2025

Datos da persoa solicitante:

Nome:	Apelidos:
Enderezo (rúa, número, piso, código postal...)	
NIF:	Teléfono/s
Enderezo electrónico:	

Datos do/s da/s alumnos/as:

1	NOME e APELIDOS DO/A ALUMNO/A	CURSO
CENTRO ESCOLAR		

2	NOME e APELIDOS DO/A ALUMNO/A	CURSO
CENTRO ESCOLAR		

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

3	NOME e APELIDOS DO/A ALUMNO/A	CURSO
CENTRO ESCOLAR		

4	NOME e APELIDOS DO/A ALUMNO/A	CURSO
CENTRO ESCOLAR		

(Para agregar máis alumnos ou alumnas cubra outro anexo I)

Declaración de axudas

A persoa solicitante declara non solicitar nin recibir ningunha axuda para a mesma finalidade, ou ben que o conxunto das axudas solicitadas e recibidas, xunto con esta, non supera o custo total dos libros e materiais subvencionados.

A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade que acepta os termos da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos por esta, incluídos os de atoparse ao corrente de todas as obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e que son certos todos os datos que constan na solicitude.

Redondela, de de 2024

(Sinatura persoa solicitante)

Á SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

RESUMO QUE ACOMPAÑA AO ANEXO I**Documentación a presentar con esta solicitude do Anexo I - unicamente para a súa información**

Fotocopia do **DNI, NIE ou pasaporte** da persoa solicitante e da outra persoa proxenitora / adoptante / titora, no seu caso ou maiores de idade que convivan e de todas as persoas que se inclúan no Anexo III.

Fotocopia do **libro de familia** completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.

Datos económicos:

Fotocopia da declaración da renda do último exercicio económico de todos os membros que compoñan a unidade familiar ou autorización ao Concello de Redondela para poder obter estes datos (Anexo III).

No caso de non estar obrigado a presentar a declaración da renda os ingresos xustificaranse coa seguinte documentación:

- a) Traballadores por conta allea: certificación negativa expedida pola Administración Tributaria ou autorización ao Concello de Redondela para poder obter os datos da renda (anexo III).
- b) Traballadores autónomos: certificación negativa expedida pola Administración Tributaria ou autorización ao Concello de Redondela para poder obter os datos da renda (anexo III).
- c) Pensionistas: xustificante de concesión e importe da pensión mensual no seu caso, ou certificado negativo emitido polo INSS correspondente ao ano 2023 ou autorización ao Concello de Redondela para poder obter os datos da renda (anexo III).
- d) Para persoas demandantes de emprego: certificado das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal (INEM) correspondente ao ano 2023, vida laboral da tesourería da Seguridade Social e fotocopia da tarxeta de demanda de emprego ou certificado negativo de non obter ningunha prestación.
- e) Para persoas perceptoras de RISGA: xustificante da contía mensual que percibe e período de concesión.
- f) Nos supostos en que exista imposibilidade de documentar determinadas situacións de carencia económica, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos interesados.

Datos familiares

No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, en día 31 de decembro de 2023, non coincida coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- (a) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- (b) Certificado ou volante de convivencia.
- (c) Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello de residencia que acredite a súa situación familiar.

No caso de discapacidade de algún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentar un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2023.

1. Certificado emitido polo órgano competente do **grao de minusvalía** cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMWJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social da **pensión de incapacidade** permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez.
3. Documentación acreditativa da condición de **pensionista de clases pasivas** cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
4. Calquera outra que se considere conveniente na instrución do procedemento da resolución.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para a concesión de axudas para libros e material escolar alumnado infantil curso 2024/2025.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: dpd@redondela.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvaguardia da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

ANEXO II**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO CURSO 2024/2025****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don / Dona			
NIF		Teléfono	
Enderezo			
Email			

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que ningún membro da unidade familiar se atopa incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que os membros da unidade familiar se atopan ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, de de 2024

(Sinatura da persoa solicitante)

Á SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

ANEXO III
SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO CURSO 2024/2025**AUTORIZACIÓN DA PERSOA INTERESADA PARA QUE UNHA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
POIDA OBTEN DATOS DA AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA**

A/as persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n a solicitar da Axencia Estatal Tributaria:

DATOS	NIVEL DE RENDA
PROCEDEMENTO	BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR ALUMNADO INFANTIL CURSO 2024-2025
ÓRGANO SOLICITANTE	CONCELLO DE REDONDELA

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permite, previa autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das funcións.

DATOS DA/S PERSOA/S INTERESADA/S

NIF/NIE/Pasaporte	APELIDOS E NOME	SINATURA

(Para agregar máis persoas integrantes da unidade familiar que obteñan rendas de calquera tipo, cumprimente outro anexo III)

Redondela, de de 2024

(Sinatura persoa solicitante)

Á SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

NOTA ANEXO III: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Concellería de Ensino do Concello de Redondela.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 2.4 da Orde do 18 de novembro de 1999 pola que se regula a subministración de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei xeral tributaria.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

ANEXO IV
SOLICITUDE DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO CURSO 2024/2025
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DE LIBRERÍAS COLABORADORAS

DENOMINACIÓN DA LIBRERÍA:		NIF:	
TITULAR LIBRERÍA	DA	NIF/NIE	
ENDEREZO :			
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉF.	
COLEXIOS AOS QUE ESTÁ EN DISPOSICIÓN DE SUBMINISTRAR <i>(cubrir só no caso de no ser todos)</i>			

Xunto con este anexo deberá remitir:

1. Fotocopia do NIF/NIE e CIF.
2. Certificación bancaria a nome do titular (orixinal ou copia compulsada) da conta onde se desexa que se realicen, de ser o caso, os pagos.

Declaro que estes datos obran xa en poder do Concello de Redondela no expediente de concesión desta mesma axuda para o curso 2023-2024, sen que se produciran cambios, polo que solicito que se incorporen a esta solicitude.

No caso en que obren noutro expediente indicar cal:

3. Relación de libros e material escolar que subministrarán, incluíndo o desglose de prezos estipulados.

DECLARO que lin e coñezo os termos das bases e convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros e material curricular destinadas a alumnado matriculado en centros docentes públicos de educación infantil (de 3 a 5 anos) de Redondela, curso escolar 2024/2025, e acepto as condicións nela establecidas para as librerías colaboradoras.

Redondela, de de 2024
(Sinatura da persona titular da librería)

Á SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Venres, 21 de xuño de 2024

Núm. 121

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para a concesión de axudas para libros e material escolar alumnado infantil curso 2024-2025.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: dpd@redondela.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvaguarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ERFIZ3AMR3NGWMMJ

